



O goberno da Xunta de Galicia abandona o concello de Ames nos Orzamentos de 2021

O PP discrimina aos máis de 32.000 habitantes de Ames ao non destinar fondos para investimentos nas principais infraestruturas municipais, mesmo naquelas que son de competencia autonómica.

Redúcese o orzamento destinado á ampliación do CEIP Agro do Muíño e á metade o proxecto do novo CEIP do Milladoiro.

A depuradora de Sisalde e o río Sar seguen a ser as grandes esquecidas no eido ambiental.

O BNG de Ames considera que **o goberno da Xunta de Galicia mantén no abandono o concello de Ames**, ao non destinar crédito no Orzamento do próximo ano 2021 para as principais infraestruturas locais.

Ao igual que nas emendas de anos anteriores **bótanse en falta os recursos necesarios para ampliar e modernizar a depuradora de Sisalde** no río Sar, a **construción dun centro de día público**, e **melloras nas infraestruturas de comunicación** que vertebran o territorio en particular a *conexión entre os núcleos urbanos de Bertamiráns e O Milladoiro* ou a *estrada Roxos - Portomouro*. **Ames desaparece** das prioridades **nos investimentos do Xacobeo**, a pesar de que **dous dos camiños de Santiago cruzan o noso territorio**, como é o caso do Camiño de Fisterra e o Camiño Portugués.

A única referencia ao concello de Ames que atopamos na proposta de Orzamentos de 2021 do Partido Popular recóllese no ámbito educativo, pero neste caso para **reducir á metade as previsións orzamentarias en relación ao ano 2020**. No caso da ampliación do CEIP Agro do Muíño, fronte á previsión de 900.000€ redúcese a partida a 600.000€. No caso da **construción do novo CEIP do Milladoiro redúcese á metade o orzamento** para a elaboración do proxecto, que pasa de 100.000€ a 50.000€ no ano 2021, o que consideramos claramente insuficiente para un novo centro escolar que atenda as necesidades de escolarización no Milladoiro, debido á actual saturación dos centros escolares do CEP de Ventín e a EEI do Milladoiro.

Esta mañá o grupo municipal do BNG mantivo unha *xuntanza telemática* con *representantes do BNG no goberno dos concellos galegos para esixir respostas* á Xunta de Galicia e coordinar a presentación das emendas aos orzamentos de 2021.